

1. Completa as frases coas vogais que faltan:

- No colector azul depositamos o p _ p _ l e o c _ r t _ n .
- No colector _ m _ r _ l _ botamos os envases de plástico, br _ ks e as l _ t _ s.
- Os restos non r _ c _ cl _ bl _ s van ao colector v _ rd _ .
- O v _ dr _ o botamos ao colector verde.



2. Na cociña do comedor sobraron varias mazás, laranxas, plátanos e azucre.

Que debe facer un bo cociñeiro?

Tirar todo ao lixo e non aproveitar nada.

Usalo para preparar outra comida ou postre.

Que se che ocorre que podemos preparar?

3. En que colector depositarías cada un destes produtos despois de telos utilizado?

- O periódico do día.
- O bote de xel da ducha.
- A caixa de cereáis.
- O tarro da marmelada.
- Un folleto con ofertas da tenda.
- A lata das sardiñas.
- O brik do zume.
- A botella de viño.



4. Une cada "erre" coa definición que lle corresponda

Xerar a menor cantidade de residuos posible no noso día.

Aproveitar os residuos para darlle outros usos

Recuperar parte do refugallo facendo unha correcta separación do lixo.

RECICLAR

REUTILIZAR

REDUCIR

5. Marca as opcións verdadeiras:

- O papel depositase no colector verde.
- A pel da laranxa depositase no colector azul.
- No colector azul depositanse os cartóns.
- Un vaso debe de ir ao colector xenérico.
- As latas, envases de plástico e briks deben depositarse no colector amarelo.
- Un xoguete de plástico debe de ir ao colector verde.
- O tarro dos espárragos depositase no colector de vidro.



6. Emparella as frases das dúas columnas e escribe as mensaxes resultantes:

Se o aire limpo queres,

Reciclando, reciclando,

Aproveita a luz do día,

e aforra enerxía.

coidar os bosques debes.

o mundo imos limpando.



1. _____
2. _____
3. _____

7. Cambia cada letra pola seguinte do abecedario e escribe as palabras que obteñas. A continuación escribe unha oración con cada unha delas.

K	H	W	Ñ

B	Ñ	K	D	B	S	Ñ	Q

Q	D	B	H	B	K	Z	Q

8. A que R pertence cada unha destas accións?

- Mercar só o necesario.
- Utilizar os papeis polas dúas caras.
- Apagar as luces se non se usan.
- Utilizar a roupa do meu primo ou irmá.
- Abrir a billa só cando sexa necesario.
- Levar unha bolsa de tela para facer a compra.
- Separar os residuos.

